

## O DÍA QUE MORREU A MARMOTA

Paulo sempre chegaba tarde. Cando quedaba no parque cos amigos, cando súa nai mandábao a un recado, cando ía para á escola ou cando quedaba coa súa avoa para ir dar un paseo polos camiños do bosque que tanto lle gustaban. Todos se molestaban, e él entendíao, pero non o podía evitar. A súa avoa, que o vira dende que deu o seu primeiro paso, que vira como dixo por primeira vez esa palabra que lle gustaba tanto escoitar ... AVOIÑA, sabía como era, de tantas horas xuntiños, de tanto velo medrar, de tanto observalo caladiña, sen presas, co tempo e ca sabedoría que só coñecen os que viviron moito.

Un día despois do cole, Paulo baixou do autobús e dirixiuse cara a casa da súa avoa, onde o esperaba unha cunca de cocido que tan ben preparaba a avoiña. Ela agardábao ao lado da cociña de ferro, xa que aínda os días eran máis curtos que as noites, Paulo entrou como un lostrego e fundiuse nun abrazo, que se por el fora, estenderíase ata o inicio do universo.

- Ola Pauliño!!! Eu tamén boteiche de menos!!! - dixo a avoa sen parar de abrazalo – Queres que che bote xa ó cocido?

- Non – dixo Paulo.

- Saíume moi rico, ata botei uns chourizos dos que che gustan! - dixo a avoa vendo que algo pasaba.

- Non teño fame avoa. Creio que vou ir un momento á horta – dixo Paulo mentres terminaba aquel largo abrazo.

A avoa mirou aqueles grandes ollos verdes que hoxe andaban noutro lugar e non dixo nada, apenas asentiu coa cabeza mentres lle sorría cos ollos.

Paulo dirixiuse á horta cun paso pesado, como se levara chumbo nos zapatos. Camiñou ata ó castiñeiro que plantara o seu avó cando apenas era máis grande ca el. E alí sentouse, pechou os ollos, ...

A avoa sabía que pasara algo, así que abriu a pequena porta da cociña de ferro onde se botaba a leña, avivou o lume e pechou de novo a porta. Puxo a quentar algo de leite. Colleu dúas cuncas pequenas e unha culler de pau, coa que remexeu lentamente o leite mentres lle engadía chocolate e azucre. O fume empezaba a facer debuxos no aire, o que lle indicaba que xa case estaba listo. Separou a pota e puxo un pano de liño branco encima, esperando por Paulo.

Soaba o despertador, cando unha pálida man buscábao durmida pola mesa de noite tratando de apagalo. Eran as 7:00 a.m., había que levantarse e prepararse. Era xoves, 2 de febreiro, só lle quedaban dous días ata o fin de semana, que sempre esperaba como agua de maio.

Levantouse, e rapidamente meteuse na ducha. Aquel momento era sagrado, agua tibia que limpaba e levábase todo a sucidade que tiña enriba. Marchaba toda o lixo, que levaba fóra e dentro, polo desaugue. Quixera eternizar ese momento. Pero tiña que darse présa. Pechou a billa e secouse con enerxía. Púxose a roupa que tiña preparada e dobrada da noite anterior, que estaba enriba da súa cómoda. Meteu apresuradamente o caderno de debuxos e os lapis 8B que tantos bos momentos lle facían pasar dentro da mochila, e baixou pola escaleira.

Entrou na cociña, pareceulle ver dúas figuras lonxanas na habitación do lado que permaneceron absortos nas súas tarefas, como autómatas nunha cadea de montaxe.

- Bos días! - dixo el.

E silencio. Só interrompido polo ruído dos cereais caendo na cunca. E o son do leite quente verténdose e empapando os cereais.

O almorzo foi acabando, só freado polo fume que saía da cunca, os minutos pasaban rápidos e el debía marchar antes que ninguén.

Colleu para merendar unha mazá que lucía preciosa no froiteiro de cristal, e gardouna no peto de fóra da mochila.

Terminou de asearse e como se fóra un raio, marchou:

- Voume!

- Ata a tarde! - contestaron as voces.

Puxo o chuvasqueiro e montou na bicicleta. Encantáballe andar na bicicleta. Imaxinábase que era unha aguia voando alto nas montañas, observando dende alá arriba o pequeniño que é todo.

Foi bordeando a praia, ata chegar a un bosque polo que tamén se podía ir a escola, aínda que deras un pequeno rodeo.

Baixou da bicicleta e tomándoa do guiador, foino recorrendo lentamente, vendo como algunhas raiolas de sol conseguían pasar entre as nubes e penetraban timidamente entre as agullas dos piñeiros. Escoitou algún animal correndo entre as pólas. E os paxaros espertaban o día co seu canto alegre e sonoro.

Entre as xestas viu unhas sombras que o observaban. Non podía ser. Aquí non. Montou na bicicleta e empezou a pedaleo tan forte como podía. Levantaba a bicicleta cando atopaba algunha pedra para non caer, nen perder o ritmo. Como unha gacela escapando dun león, calquera erro podíalle custar caro.

Faltáballe o alento, pero non podía parar. A suor corríalle pola fronte e saía disparado coma se fosen proxectís inertes.

Miraba de esguello de cando en vez, e vía como as sombras ían tamén a toda velocidade, gañando terreo.

Cambiou a marcha, e pedaleou. Repetíase a si mesmo, que podía facelo. Faltáballe menos de 500 metros para saír do bosque e chegar a calzada, onde as sombras desaparecen cando entran en contacto con outras persoas.

Ollou para tras, e alí estaban as sombras resollando e ensinando os dentes. Ollou para diante ... freou tan forte como puido. Outra sombra apareceu da nada, inmutable diante del como unha verdadeira aparición, fría como unha estatua de mármore.

- Baixa da bicicleta ou che baixo eu!!!

Non se atrevía a falar, notaba un pequeno terremoto baixo os seus pés.

- Escoitaches mona!!! Ou téñoche que baixar eu!!!

Os gritos eran cada vez máis fortes e agora unha sensación de frío, como se a neve o cubrira todo. Antes de que puidera baixar da bicicleta, unha das sombras empuxouno e fixo que caera no chan.

- Creste moi listo! Que pensabas? Que ías te librar de nós por coller este atalliño? - Risas. Un coro de risas.

- Eu ... - Esforzábase porque lle saíran as palabras. Calquera que fora. Na cabeza tiña miles delas. E nese momento non lle saía ningunha. Faltáballe o aire. Apenas tiña para respirar.

- Eu que? Eu que? Eu vouche deixar os deberes para que os copies? - dicía aquela fría sombra mentres o coro de risas estoupaba outra vez.

Estirou a man. Abriu a mochila e rebuscou nela. Colleu o caderno azul, onde poñía Matemáticas e sacouna sen facer movementos bruscos, entregándolla sen chistar, pensando que a cousa podía terminar aí. Algunhas veces terminaba aí. Algunhas ...

- Moi ben! Así me gusta! Se segues portándote así de ben, pode que che dea un cubiño de azucre! - Explosión de risas.

Aquel ser acercouse como tantas outras veces e dixo:

- Levántate! Necesito unha mesa!

Pequenas gotas empezaron a mollar o chan do bosque.

Apenas tiña forza para levantarse. O terremoto habíase apoderado do seu corpo. E de repente directo da nada un golpe, que lle recordaba quen dominaba a situación. E un dolor intenso e familiar que enchíao de medo e de impotencia. Que facíao sentirse diminuto como a formiga que empezou a recorrer a súa man.

Cando se recuperou púxose en pé e deuse a volta. Xa tiña aprendido a mecánica. Aquela negra sombra apoiou o seu propio caderno sobre aquelas costas trémulas e empezou a copiar mentres lle ditaban.

- Non tremas mona, que me vai a saír mala letra.

Eso non facía mais que empeorar as cousas.

- Que non tremas dígoche!!! - gritaba.

- Séntate que así non hai quen copie. Esta mesa está coxa, haberá que amañala.

Máis risas, agora acompañada de insultos e dunha patada propinada por outra sombra, que lle dobrou o xeonllo e fixo que caera, apoiándose coas mans no chan para non enterrar a cara na terra xa húmida.

Chovían as palabras sobre a súa pel, era unha choiva fría e constante, que paseniñamente penetraba case sen querer nesa pel que tantos días vira chover, mollando a súa alma e facendo que empezase a tremer aínda máis ... de frío, de medo, de total y escura tristura, que paralizaba e mollaba.

Na súa cabeza fíos de fume, que debuxaban formas orgánicas e se marchaban entre as pólas, lonxe de alí, moi lonxe e levábao con el, preto das nubes onde podía respirar. Onde os raios de sol atravesaban as diminutas gotas que se condensan, mostrando unha explosión de cores, cos que poder pintar ... encher a escuridade de cores cálidas que faga que entre o calor e deixe de tremer.

- Aí che queda o caderno. E de paso xa imos merendado – Felipe colleu a mazá e pegoulle un bocado, logo tirouna a outro para que fixera exactamente o mesmo, como se tratase dun acto eucarístico entre irmáns.

- Estásme escoitando? E como lle contes isto a alguén, o peor vai ser para ti. - mirouno fixamente, mentres esvaraba un dedo polo pescozo.

Marcharon as sombras, esvaecéronse no fondo do bosque, entre insultos, risas e ameazas.

Levaba rato orballando e sen embargo a primeira gota que sentiu, caeu agora sobre a súa meixela e esvarou lentamente, precipitándose ao vacío, ata formar ondas transversais ao chocar con un mar amarelo impregnado de vergoña e culpa sobre o que estaba sentado.

Paulo esa mañá decidira que non chegaría tarde. Non quedou eses cinco minutos máis cando soa o despertador, porque sabía que o final se converterían en 30. Así que no momento en que soou, chimpou da cama e foi correndo a almorzar.

Na cociña sorprendida a súa nai deulle os bos días.

- Bos días Paulo!!! Que ben verte por aquí a estas horas! - díxolle mentres o abrazaba.

Paulo riuse, sabía da retranca que tiña súa nai.

- Bos días mamá! E papá xa marchou?

- Si. Tiña que facer un recado antes de entrar a traballar – dixo sua nai.

Seu pai, acotío, entraba a traballar cedo, e Paulo sabíao. Pero o que non contaba era co recado que tiña que facer. Así que resignouse a non ver o pai ata a tarde.

- Vas hoxe a comer a casa da avoa? - preguntou a nai.

- Si, así amósolle unhas follas dunha planta que non coñezo que encontrei no bosque que está cerca do cole. Seguro que sabe como se chama e se ten algún uso – sorriu.

- Seguro! - dixo a nai devolvéndolle o sorriso. - E por que non lle sacas fotos, ou gravas algún vídeo por se a folla é moi parecida a outras plantas? Para poder identificala mellor digo.

- Pois non me parece mala idea! – dixo Paulo – Algunhas veces ata parece que conseguiches que che dera cita o Mago de Oz! – sinalou a cabeza da nai e chiscoulle un ollo, mentres ría. A súa nai puxo cara de espantallo e escacharon a rir.

- Veño agora! - Paulo correu ó cuarto e deixou o móbil descargando no ordenador as imaxes e os vídeos que tiña na memoria, pois apenas quedáballe espacio, e volveu de novo a almorzar.

- Ademais hoxe vou chegar puntual a tódolos compromisos – dixo Paulo cheo de ambición e orgullo.

- Boa idea!- dixo a nai – Nunca é tarde – e chiscoulle un ollo mentres ría, devolvéndolle a broma. Paulo non puido evitar rir tamén.

Cando terminou, foi a coller o móbil e gardouno na mochila xunto cun bocadillo de chourizo e os prismáticos que usaba cando ía ao bosque para identificar paxaros. Despediuse da súa nai con un abrazo rápido máis cheo de complicidade e marchou.

Foi andando, a paso apurado, o tempo que lle seguía acordando a promesa de ser puntual. Cando lle faltaba 50 metros para entrar no camiño que atravesaba o bosque, uns rapaces da súa clase pasaron rápida e violentamente polo seu lado, pedaleando unhas bicicletas que non botaban fume porque non tiñan tubo de escape.

Pareceulle estraño tanta présa por chegar ao cole a esas horas, porque aínda era moi cedo. Mirou o móbil desconfiado de que o tempo se lle estivera escapando. Comprobou que aínda faltaba 45 minutos e o camiño ata o cole a paso normal deberíalle levar apenas 10 minutos.

Entrou no bosque e diminuíu o paso, encantáballe ir alí. De neno fora moitas veces ca súa avoa. Coñecía cada canto, cada pedra, cada árbore e case calquera planta. Aínda que as veces, aparecía unha nova, que non coñecía, e que despertaba ferozmente a súa curiosidade. Que facía que o tempo parase para poder apreciar toda a súa natureza indómita e toda a beleza da enxeñaría do reino das metafitas.

Cando levaba un bo rato paseando, atopou a planta que andaba buscando. Tiña unhas follas verdes claras, alargadas e lanceoladas. E desprendían un olor a limón.

Agachouse e recolleu unhas poucas follas, que gardou nunha bolsiña que xa tiña preparada na mochila. Colleu o móbil e puxouse a gravar moi de cerca a planta, quería ensinar con todo detalle á súa avoa.

De repente escoitou uns gritos e levantouse. Ao lonxe pareceulle ver aqueles rapaces da súa clase que pasaron ao seu lado como se os levaran o demo. Pero con eles tamén estaba Felipe e aquel neno que el coñecera tanto ...

Os seus ollos foron testemuños dunha escena que xamais houberan querido ver. Sentiu medo. Medo por aquel neno que estaba no chan, e medo por el. Quedou alí paralizado, como se saíra do seu corpo. Sabía que tiña que facer algo, pero as súas pernas non se movían.

Empezou a chover, e a choiva foi devolvendo a súa alma ao seu corpo.

Aínda co corpo tremendo, gardou o móbil e botou a correr. Ao principio as pernas apenas lle respondían, e pouco a pouco foi collendo o control sobre elas, e empezou a correr máis e máis rápido.

Percibiu o cheiro a ouriño cando chegou preto de Bruno. Choraba.

Paulo xamais vira a Bruno desa maneira. Cando eran máis pequenos eran moi amigos e aproveitaban as tardes naquel bosque, perseguindo pequenos insectos, xogando a facer apócemas e menciñas coas plantas como se fosen auténticos druídas e improvisando cabanas con ramas. Era moi alegre e intelixente. Sempre inventaban que facer. Pero un día, deixaron de quedar. Paulo sabía que pasaba algo, e moitas veces intentou falar con el, mais nunca recibía unha resposta. De repente converteuse nun neno reservado e moi puntual. Nunca chegaba tarde á escola. Sempre dos primeiros. E saía rápido para casa cando tocaba o timbre, seguramente porque lle gustaba chegar a unha hora a casa, ou porque os seus pais así lle dicían. O caso, é que nunca quería quedar, nin con el nin con ninguén.

Axudouno a levantarse. Bruno non abría os ollos e seguía chorando. Paulo non sabía que dicirlle. Sentía unha mistura de rabia, de culpa, de frustración. Simplemente abrazouno. E pouco a pouco Bruno foise calmando. Cando a respiración volveu ser normal, separouse e díxolle a Paulo:

- Ti non viches nada!! De acordo? Ti non viches nada!!! - dixo Bruno.
- Espera ... - apurou a dicirlle Paulo.

Bruno montouse na bicicleta e marchou rapidamente, en sentido contrario ao colexio, mentres Paulo quedaba petrificado polas súas palabras.

Xa parara de choviscar, e as nubes movíanse no ceo deixando ver algunha raiola de sol tras delas, que incidiron na súa cara e espertouno dese repentino letargo.

- Será tarde? Vou chegar outra vez tarde? - Pensou Paulo, sen ser consciente de que se trataba dun mecanismo de defensa que o seu hábil cerebro utilizou para sacalo daquela situación traumática que tiña presenciado. Parecíalle, naquel momento, que ir detrás de Bruno non tiña sentido, non ía conseguir falar con el como tantas outras veces, así que correu todo o que puido ata o colexio. E mentres corría ía deixando parte da rabia e da impotencia polo camiño. Escoitou o timbre. Apurou máis. E por fin meteuse en clase, todo suado e con o corazón a punto de saírlle polo peito.

- Que machiño? O reloxo quedou sen batería outra vez? - dixo a sombra, ao que o acompañou unha ferverza de risadas.

Alí estaban, Felipe e as outros rapaces que vira no bosque, sentados nas súas cadeiras. Como se non pasara nada. E unha cadeira baleira, a que estaba pegada á mesa da profesora, como se quixera abrazala buscando refuxio ... a cadeira de Bruno.

- Alguén sabe algo de Bruno? - preguntou a mestra, intentando volver a controlar a clase.  
- Creo que tiña unha gripe de cabalo – dixo unha das sombras mentres buscaba olladas cómplices.

Paulo ese comentario incendiouno, acordouse de Bruno, inmóbil, a catro patas, como si fora unha mesa, mentres utilizábano para copiar os deberes.

- Silencio – seguiu a profesora - Paulo, podes sentarte? - e fixo que Paulo se dese conta de que aínda estaba de pé ao lado da porta.

- Si ... claro ... - respondeu, e sentouse deixando caer todo o peso do seu corpo.

Dona Elvira continuou ... explicaba que en Roma existía unha xerarquía de clases. Decía que os patricios eran os máis poderosos e grandes propietarios de terras. Eran os únicos cidadáns romanos, e como consecuencia os únicos que podían votar e ser elixidos como cargos públicos e relixiosos. Éstes descendían das primeiras 100 familias que se asentaron en Roma, e como seus descendentes sempre terían ese privilexio fronte as outras clases sociais como os plebeos, os libertos ou os escravos.

- Como pasa sempre, máis tarde ou máis cedo – dixo dona Elvira – as minorías oprimidas aguantan, aguantan, aguantan, ata que un día xa non poden máis e entón revelase buscando que se respecten os seus dereitos. E foi o que pasou, no ano 494 a. C. Deu, comezo o conflito patricio-plebeo, que trataba de devolver a igualdade política entre clases.

A Paulo, retumbáballe na cabeza : aguantan, aguantan, aguantan, ... ata que ... E caeu na conta do que viña aguantando Bruno. Unha tremenda frustración invadiuno.

- Por que? Por que? - repetía a súa mente. E non encontraba resposta.

- Por que lle facían iso? Por que non me dixo nada? Por que? - e os ollos empezáronlle a encher de bagoas que non podía frear. Levantouse rapidamente interrompendo a explicación e dirixiuse cara a porta.

- Profe, teño que ir ao baño! - dixo sen apenas levantar a cabeza.

-Claro Paulo, sen problema! - respondeulle dona Elvira preocupada.

Botou a correr polo corredor do colexio, e sen mirar atrás atravesou a porta de saída, e saíu do recinto escolar. As pernas non lle paraban.

- Por que agora andan e antes no bosque cando máis falta facía, non se moveron? - pensaba e as bagoas non cesaban.

Correu ... correu ... ata que os pés empezáronlle a doer. Entón parou.

- Teño que facer algo! - dixo en voz alta.

Estivo dándolle voltas o resto da mañá, sobre todas as posibilidades. Non quería facerlle dano a Bruno. Por un lado Bruno non quería contalo, por medo a que as consecuencias fosen peor que o tormento que vivía a diario. Pero se o contaba el, quen o ía crer. Non sabía que facer, pero dende logo non podía deixar que seguira vivindo esa situación, tiña que facer algo.

Colleu o móbil para ollar a hora que era. Non faltaba moito para que tocara o timbre e chegara o bus. Encamiñouse cara o cole. Non podía irse sen máis.

De pronto unha mensaxe: Queda pouco espacio!!

- Pero como? - pensou, disociándose da situación na que estaba inmerso – Se aínda hoxe a mañá descarguei os vídeos e as fotos para poder gravar a planta. A planta!!!!!!!

Rapidamente ollou na galería e alí estaba o vídeo da planta. Duraba 10 minutos!!!

Apresurouse en ollar o contido e ali estaba. Todo gravado. Aínda que a imaxe estaba ladeada e movida, daba para identificalos de maneira clara. Tamén se distinguía moi ben a cara de pánico do meu amigo Bruno.

Bruno chegou a casa, empapado de agua, suor, ouriños e vergoña. Correu escaleiras arriba e meteuse na ducha. Abriu a billa, aínda ca roupa posta, e deixou que a auga o levase todo. Escorreuse pola parede e acurrunchouse sobre si mesmo. Ali permaneceu un bo anaco, recordando, cada segundo daquel 2 de febreiro.

Pensaba tamén en Felipe, levaba anos detrás del, facéndolle a vida un inferno, aproveitando cada momento que estivera só para machacarlle o seu ser e o seu corpo. Ameazando sempre. Marcando a Bruno como marcan os animais o seu territorio co seu mexo. Facendo crer ós demais que iso era ser popular. Que iso era ser poderoso. Que era o xefe.

Entrementres Felipe tecía as súas palabras, un mundo axustado, personalizado, feito a medida íase revelando na sua cabeza, alterando os recordos e facendo que a sua perspectiva fose a única.

O autoengano convertido en súper poder e a manipulación aparecendo como un apéndice dese monstro, que non para, que non mira, que está famento e non cala.

Pensou moitas veces en desaparecer, desaparecer para sempre, acabar con ese inferno e ser libre ...

O timbre da porta soou. Pechou a billa, quitouse a roupa mollada, puxo unha bata e baixou. Ollou pola fiestra da cociña e viu que era Paulo que andaba dun lado para o outro intentando ver se había alguén dentro da casa.

Bruno dubidou un rato en abrir. Só que Paulo insistía.

- Non penso marchar!!! - timbraba mais veces – Esta vez non!!! - e ao final Bruno abriu a porta timidamente.

- Que queres? Non che dixen que me deixaras tranquilo?! - dixo Bruno.

Paulo ollou fixamente a Bruno, e díxolle:

- Acabouse!! Non estás só!! E nunca máis vaste ter que preocupar por chegar antes que ninguén ó cole. Nin de saír correndo cando toque o timbre. Ou de poder xogar no bosque como xogabamos antes. Acabouse!!! Teño todo gravado!!! Cámbiate agora mesmo!!! Temos que amosarlle isto a alguén.

Bruno ollouno estupefacto e aliviado. Limpouse as bagoas e foi correndo a poñerse outra roupa.

Correron tanto, que case ian voando, como cando de pequenos poñían unha toalla e imaxinaban que eran superheroes. E así voando chegaron ao Cuartel da Policía Local, onde traballaba o pai de Paulo. Cando seu pai veunos entrar, acercouse e con preocupación preguntou que pasaba.



- Temos algo importante que dicirche papá! - dixo Paulo – e tamén temos algo que tes que ver!

A avoa esperaba por Paulo, ao lado da cociña, o fume escapaba entre o pano de liño, cando de repente, veu unha sombra achegarse por detrás a Paulo, e sentouse ao seu lado. Acercouse á fiestra e aledouse moito ao ver que era Bruno, aquel amigo que tiña Paulo de pequeno e que tantas veces lles tiña preparado un chocolate para merendar.

Saíu á porta e chamou por eles:

- Tedes cocido se queredes! Pero creo que vaivos prestar mellor un chocolatiño quentiño!

Os amigos olláronse e riron, cos ollos cheos de bagoas abrazáronse. Un abrazo que levounos a un pasado feliz e lonxano, cheo de bos recordos, e a un futuro cheo de novas oportunidades.

Mentres tomaban os tres o chocolate, a tele anunciou que a marmota que anunciaba se o inverno acabara había falecido.